

MEDIDAS ORGANIZATIVAS E DE XESTIÓN DE CENTRO

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN



Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



MEDIDAS ORGANIZATIVAS E DE XESTIÓN DE CENTRO

Plan de **prevención
da transmisión da
COVID-19**
nos centros educativos



MEDIDAS ORGANIZATIVAS E DE XESTIÓN DE CENTRO

INTRODUCCIÓN

Páxina 7	1. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO
Páxina 7	2. MEDIDAS DE LIMPEZA
Páxina 8	3. MEDIDAS PARA A REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS
Páxina 9	4. MEDIDAS PARA AS FAMILIAS E AS ANPAS
Páxina 10	5. MEDIDAS PARA AS AULAS E OUTROS ESPAZOS DO CENTRO
	5.1 USO DA BIBLIOTECA
	5.2 USO DE ASEOS
Páxina 14	6. MEDIDAS PARA LABORATORIO E TALLERES
Páxina 15	7. MEDIDAS PARA OS RECREOS
Páxina 16	8. MEDIDAS PARA EDUCACIÓN INFANTIL
Páxina 18	9. MEDIDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ACNEE)
Páxina 19	10. MEDIDAS PARA O PROFESORADO
Páxina 19	11. MEDIDAS PARA OS ÓRGANOS COLEXIADOS
Páxina 20	12. COMUNICACIÓN
	12.1. PAXINA WEB
	12.2. CORREO ELECTRÓNICO
	12.3. ESPAZOABALAR
	12.4. ABALARPRO
	12.5. AULAS VIRTUAIS
	12.6. EDUXUNTA webex
	12.7. FALEMOS EDU
	12.8. OUTRAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN



INTRODUCCIÓN

O plan de adaptación é a concreción das características particulares e propias de cada centro educativo ao Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

O plan de adaptación consta das seguintes partes diferenciadas:

- **Medidas de prevención básicas**

Neste primeira parte establécense as medidas de prevención, protección, hixiene e limpeza de carácter básico que se deben seguir no centro educativo. Tamén especifica como se realiza a xestión dos gromos.

- **Medidas que afectan ás condicións laborais**

Neste punto indícase como se realiza a xestión das peticións nos supostos casos de vulnerabilidade contra a Covid-19.

- **Medidas de carácter organizativo**

Neste apartado determínanse as medidas concretas de organización e funcionamento de cada centro segundo o tipo de ensinanza, alumnado, espazos dispoñibles, entre outros.

Deberanse ter en conta os outros protocolos definidos, como pode ser o de actividades extraescolares, comedor, limpeza, alumnado con necesidades educativas especiais...

- **Medidas de carácter formativo e pedagógico**

Neste caso establécense as accións que hai que realizar para fomentar a formación, a achega e a comprensión dos protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde contra a Covid-19.

O plan de adaptación vai acompañado de anexos como o plan de continxencia, e dos plans específicos adaptados aos protocolos específicos para comedor, actividades extraescolares e complementarias así coma da información que se considere conveniente para a organización e xestión do centro educativo.

Neste módulo trátanse as medidas de carácter organizativo e de xestión específicos dos centros educativos que se deben concretar no plan de adaptación.

Para certos apartados que deben ter en conta o plan de adaptación (o comedor, o transporte escolar, a atención ao alumnado de infantil e ao alumnado con necesidades educativas especiais, as ensinanzas de réxime especial...) podes acudir aos correspondentes módulos do curso que tratan estas temáticas en profundidade.



1. MEDIDAS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO

Estas medidas indican como se organiza e funciona cada centro educativo así como ten que actuar toda a comunidade educativa de cara a conseguir que os centros sexan lugares seguros contra a covid-19.

Articula medidas como a circulación de persoas no centro educativo, determina os aforos e o funcionamento de aulas específicas (biblioteca, aula de música...), regula as reunións, o funcionamento do comedor, integra pautas para o transporte escolar e regula as actividades extraescolares, seguindo os protocolos específicos, entre outros.

2. MEDIDAS DE LIMPEZA

O centro educativo deberá seguir os protocolos de limpeza establecidos contra a Covid-19 pero ademais deberá establecer de cara ao seu funcionamento:

- A asignación das tarefas do persoal de limpeza, espazos e mobiliario que hai que limpar de xeito frecuente.
- A distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas. Se existen dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizará o seu traballo en horario de mañá.
- O material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza.
- Un cadro de control de limpeza dos aseos.



3. MEDIDAS PARA A REGULACIÓN DE CIRCULACIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS

Neste punto precisanse:

- As medidas para evitar a aglomeración de persoas nas entradas e saídas:
 - A posibilidade de uso de portas de entrada e saída diferentes,
 - O establecemento de diferentes quendas de entrada/saída,
 - A prioridade do alumando transportado.
- A circulación polo interior do centro regulando o uso das escaleiras de subida e baixada diferentes, se é posible e do elevador, de ser o caso.
- A sinalectica informativa das medidas básicas de prevención, protección, hixiene e limpeza no centro.
- O profesorado de garda: quendas, número, funcións engadidas co motivo da pandemia.
- A responsabilidade do profesorado de última hora.
- A regulación do acceso de persoal alleo ao centro: familias e outras persoas alleas ao centro. Especial mención terán as familias do alumando de educación infantil.



Acceder pola entrada e na quenda que me correspondan, mantendo a distancia.



Circular en sentido único nos corredores atendendo a sinalización.

4. MEDIDAS PARA AS FAMILIAS E AS ANPAS

Neste apartado trátanse as pautas aplicadas a:

- As actividades extraescolares organizadas pola ANPA do centro ou por calquera outro organismo ou entidade. Neste caso están suxeitas ao establecido no Protocolo de prevención da transmisión da covid-19 nas actividades extraescolares e a súa addenda.
- Os programas de madrugadores que inclúe ademais do protocolo ordinario todo o referente ao consumo de alimentos e as medidas de seguridade e prevención no caso dos momentos de descanso.
- As reunións tanto da ANPA coma as do consello escolar.
 - Neste caso ten preferencia as reunións de carácter telemático evitando as xuntanzas dun número elevado de persoas.
- As reunións de titoría primarán as comunicacións telefónicas e as videochamadas.
 - As reunións presenciais non se impiden mais deben evitarse. No caso de se realizaren sempre coas correspondentes medidas de protección e hixiene .
- A comunicación xeral coas familias realizarase a través da páxina web do centro educativo.
- Os eventos con gran número de persoas deberanse evitar. Deberase respectar os aforos establecidos e cumpriranse sempre os protocolos de hixiene e prevención contra a Covid-19.



5. MEDIDAS PARA AS AULAS E OUTROS ESPAZOS DO CENTRO

Neste apartado especificanse as normas de uso das aulas ordinarias e doutros espazos do centro educativo, ademais de cumprirse as normas xerais (uso de máscaras, distancia de seguridade, hixiene e ventilación):

- En cada aula o alumando deberá ter postos fixos. Existirá un plano de identificación do alumnado en cada posto.
- De non garantirse a distancia de seguridade poderase instalar mamparas.
- Cada aula/taller/espazo de ensino deberá dispoñer de de xel hidroalcohólico, desinfectante, panos desbotables e papeleira con tapa e pedal. Nas aulas de infantil co xel hidroalcohólico deberase realizar un uso coidadoso, polo que preferiblemente usarase auga e xabón para a desinfección das mans.
- O material do alumnado estará situado en lugar individual e diferenciado, non compartido, ben por uso de casas individuais ou na correspondente mesa ou pupitre.
- No caso de compartir material deberase hixienizar as mans e o material despois do uso.
- Nas mesas/pupitre aula non deberá deixarse material dun día para outro. O profesorado de última hora revisará que se cumpra esta norma.
- Ao finalizar a xornada e/ou, de ser o caso, nas aulas compartidas desinfectaranse os postos.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

O centro deberá deseñar un protocolo específico para as aulas específicas: música, plástica, tecnoloxía, laboratorios, polideportivo onde se precisarán:

- - como se realizará o traslado de alumnado,
- - as normas de uso das instalacións,
- - as normas de uso do material,
- - e o uso dos vestiarios, de ser o caso.



5.1 USO DA BIBLIOTECA

A biblioteca seguirá as normas establecidas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

Será a persoa responsable da biblioteca a que estableza o protocolo de acceso e deberase cumprir que:

- O aforo máximo será o 50 % da capacidade total. Sinalizaranse os postos dispoñibles que manterán entre si a distancia de seguridade.
- Poderase establecer quendas de acceso.
- Botarase xel hidroalcolico nas mans ao entrar e ao saír.
- Os usuarios hixienizaran os postos que ocupen.
- Non se poderán utilizar os xogos de mesa.

Por outra banda, no plan de adaptación indicárase o procedemento de préstamos e devolución de libros ou calquera outro material da biblioteca:

- Cando e como se solicitan ou devolven
- Para a recollida disporanse dunhas caixas onde o material se depositará de forma illada e permanecerá polo menos catro horas antes de volver ao seu lugar.

No caso de ter algún programa específico tipo Club de Lectura, Radio na Biblio, Biblioteca Creativa deberase especificar su protocolo específico (aforo, días de actividade...).



5.2 USO DE ASEOS

- O aforo dos aseos están limitados a un terzo da súa capacidade máxima.
- O alumnado hixienizará as mans á saída dos aseos.
- Profesorado de garda controlará o cumprimento dos aforos e das distancias de seguridade nos tempos de lecer e as entradas e saídas do centro educativo.
- Ao persoal alleo ao centro, no caso de ser necesario, indicaráselles os aseos máis próximos á entrada do centro.
- Deberase indicar as proteccións que deben portar polo persoal acompañante (máscara, pantalla/viseira facial) para o caso de educación infantil e co alumando con necesidades educativas especiais.



6. MEDIDAS PARA LABORATORIO E TALLERES

Nestes espazos de ensino gardaranse as medidas de prevención, protección, hixiene e limpeza xerais das aulas ordinarias, mais pódense establecer medidas de uso de material e equipamento das que o alumando deberá ser informado.

Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso. Así mesmo, engadiranse outros equipos de protección axeitados en cada caso, favorecendo cando sexa posible a utilización de materiais desbotables.

Detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por diferente alumando e protocolizarse en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento.



7. MEDIDAS PARA OS RECREOS

Para os recreos estableceranse espazos específicos en función do agrupamento de forma que, a ser posible, polo menos 30 persoas poidan compartir o espazo mantendo a distancia de seguridade de 1,5m.

Poderase empregar ximnacios, pistas e pavillóns polideportivos como lugares que se poden utilizar no tempo de lecer polos agrupamentos.

Priorizarase o uso do exterior para os tempos de lecer, pero articularanse medidas para que se poida utilizar a aula no caso de que a climatoloxía non o permita (aula, pavillón polideportivo, pistas cubertas...)

Poderase reducir os tempos de recreo e realizar quendas no caso de ser necesario para manter a independencia de cada agrupamento ou grupo de convivencia estable.

Poderase establecer un horario de entrada/saída do recreo dos diferentes agrupamentos evitando as posibles aglomeracións.

Extremarase a vixilancia do alumando reforzando, de ser o caso, a presenza de profesorado. Poderase prohibir o uso de elementos comúns de xogo ou obxectos que se poidan compartir.



8. MEDIDAS PARA EDUCACIÓN INFANTIL

Dentro das medidas xerais de protección individual establécese que a organización do alumnado se establecerá, con carácter xeral, en grupos de convivencia estable en todas as actividades que se vaian realizar dentro do centro educativo e non terán que manter a distancia de seguridade.

Entre outras pautas de funcionamento consideraranse que:

- Na aula traballarase mediante grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as que, entre si, manterán a distancia de seguridade.
- Sempre que sexa posible usarase a máscara.
- Para este tipo de alumando restrinxirase o uso do xel hidroalcohólico e priorizarase o uso de agua e xabón ou outros tipos de solucións xabonosas.
- Recoméndase o inicio da xornada con accións nas que se traballe a lembranza de normas de hixiene e a concienciación deste tipo de alumnado coa pandemia.
- Para o xogo en recantos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual, garantindo a desinfección tanto do espazo como dos materiais utilizados despois do seu uso.
- Retirarase aqueles materiais considerados non necesarios.
- A merenda realizarase de xeito individual en grupos colaborativos e en espazos diferenciados. No caso de ser posible no patio exterior para garantir o distanciamento sempre que o tempo o permita.
- Nos recreos débese reforzar a vixilancia, procurando evitar o contacto ou ben organizar distintas quendas.
- Os elementos de xogo como tobogáns non deberían empregarse, así como areeiros en grupo xa que provoca a xuntanza entre o alumnado.

- A organización dos recreos poderá limitarse a un só grupo con alternancias horarias entre grupos, a criterio da dirección do centro.
- Os obradoiros serán adaptados a grupos máis reducidos e procurando a desinfección do material (robótica, xogos...) despois de cada uso.

Na Educación Infantil no que non se usen aulas virtuais arbitrase un modo alternativo para a comunicación coas familias e o mantemento da actividade lectiva nos supostos nos que se teña que pasar á educación a distancia.

Se desexas coñecer máis sobre o a atención ao alumando de Educación Infantil no módulo específico poderás obter máis información.



9. MEDIDAS PARA ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (ACNEE)

Entendese por alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) a aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta.

O protocolo de prevención da transmisión da covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo será de aplicación a todo o alumnado con necesidades educativas especiais que, por razón da súa condición, precise de medidas adicionais ou diferentes das ordinarias previstas no Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 .

Consulta a información do módulo dedicado ao alumando de necesidade educativas especiais para coñecer con mais detalle os protocolos e plans que se podenseguir.



10. MEDIDAS PARA O PROFESORADO

O profesorado é o referente e exemplo de conduta para o alumando, polo que se aconsella un cumprimento estrito do protocolo.

- Dentro do labor diario educativo recoméndase realizar recordatorios ao alumnado do protocolo, das medidas de seguridade e os seus beneficios aproveitando diferentes contidos ou actividades.
- O profesorado responsabilizárase do cumprimento das medidas de hixiene de alumnado, da ventilación das aulas, da desinfección do material e do posto de traballo.
- As reunións de profesorado preferiblemente realizaranse de forma telemática. Se non é así cumpríranse os aforos, o uso da máscara e as medidas de distancia, hixiene e desinfección.
- Nas titorías preferiblemente empregáranse medios telefónicos ou telemáticos. En situacións moi determinados poderán ser presenciais sempre con máscara e mantendo a distancia de seguridade. Procurárase neste caso o uso de espazos ventilados e a hixienización do espazo unha vez finalizada a reunión.

11. MEDIDAS PARA OS ÓRGANOS COLEXIADOS

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. Neste caso considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

As convocatorias de reunión e a documentación correspondente serán remitidas a través de medios electrónicos.

12. COMUNICACIÓN

No exercicio da súa condición de persoa coordinadora do equipo COVID, a persoa titular da dirección é a encargada de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación, e, de ser o caso da Consellería de Sanidade ou do Sergas. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e coas familias e alumnado.

Os centros educativos realizarán a comunicación xeral coa comunidade educativa a través da súa páxina web.

Os protocolos indican que a comunicación realizarase preferentemente vía telefónica e/ou telemática. Así, preferiblemente, empregarase o teléfono, as videochamadas e o correo electrónico.

No plan de adaptación, no seu primeiro apartado, figuran a información dos datos de contacto de cada centro educativo e do equipo Covid.

12.1. PAXINA WEB

O servizo Webs dinámicas permítelle a cada centro educativo dispor dunha páxina web do centro, seguindo un formato corporativo. Este portal permítelle ao propio centro o traballo colaborativo coa posibilidade de crear diferentes apartados (departamentos, áreas, etc.) e publicar información e contidos para a comunidade educativa do centro.



Na páxina web do centro deberá figurar o Plan de adaptación do centro educativo e todos aqueles documentos que se consideren relevantes a nivel de prevención contra a Covid-19.

12.2. CORREO ELECTRÓNICO

O servizo de correo corporativo @edu.xunta.gal, ofrécelles a todas as persoas usuarias unha caixa de correo con 2GB de capacidade, accesible a través de clientes de correo ou mediante web.



12.3. ESPAZOABALAR


O centro e o profesorado utilizará as ferramentas de EspazoAbalar para a comunicación coas familias e o alumnado cando son legalmente responsables de si mesmos.

Neste servizo, o centro e os/as docentes poden enviar mensaxes ás persoas responsables do alumnado, tanto de xeito individual como dun grupo completo e, opcionalmente, poden permitir que as persoas responsables respondan á mensaxe iniciando así unha conversa con elas. Dispón de varias funcionalidades de mensaxería:

- - mensaxes privadas,
- - mensaxes de difusión e
- - mensaxes tipo sala.

Así, coas mensaxes privadas ou de difusión para grupos, as persoas responsables van poder comunicarse mantendo a privacidade. A única diferenza é que o emisor vai poder personalizar os contidos, no caso da mensaxe privada, ou notificacións de interese para todo un grupo, no caso da difusión.

Pola súa parte, as mensaxes tipo sala, permiten crear novas comunicacións dirixidas ás persoas responsables do alumnado. Neste caso a selección faise por grupos completos e as respostas que se envían son visualizadas por cada integrante da sala que teña aceptado participar no chat.



Unha vez enviada a mensaxe, as persoas responsables que estean subscritas ás notificacións recibirán avisos push na app abalarMóbil instalada nos seus dispositivos móbiles.

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/>

12.4. ABALARPRO

Dentro da funcionalidade de abalar xorde tamén AbalarPro, unha aplicación para o persoal docente que vai permitir consultar e enviar mensaxes ás familias a través do teléfono móbil.

As funcionalidades da primeira versión de abalarPro están orientadas á mensaxería, de tal forma que é posible acceder á listaxe de mensaxes, así como crear novas mensaxes con outros participantes: mensaxe privada, de difusión ou grupal/sala.

[- Máis información.](#)

12.5. AULAS VIRTUAIS

A plataforma Webs dinámicas permítelle a cada centro educativo dispor dunha aula virtual. As aulas virtuais son espazos dixitais de traballo que permite dispoñer dun espazo web na Rede para organizar os contidos das unidades didácticas, repositorio de contidos e documentos, espazo de intercambio e comunicación entre profesorado e alumnado, e lugar de realización de tarefas por parte do alumnado, etc.



As aulas virtuais, a través da mensaxería e os foros, servirán de ferramenta comunicativa entre o profesorado e o alumnado, ou as súas familias, de ser o caso.

Cada centro ten a súa propia aula virtual.

12.6. EDUXUNTA webex

A ferramenta EDUXUNTA Webex permítelles aos asistentes interactuar en tempo real a través de son e imaxe, compartindo contidos, facendo cuestionarios e exercicios en tempo real e de xeito colaborativo, etc.

<https://eduxunta.webex.com/>



12.7. FALEMOS EDU

É a plataforma de vide-conferencia, baseada no software libre JITSI para realizar reunións virtuais, video-reunións e video-conferencias, garantindo en todo momento a confidencialidade e a seguridade nas comunicacións.

Ligazon: <https://falemos.edu.xunta.gal/>



12.8. OUTRAS FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN

A ferramenta de **AGUEIRO** é unha plataforma en liña que lles ofrece aos centros educativos a posibilidade de crear a súa propia comunidade educativa virtual onde poderán participar tanto o profesorado como o alumnado do propio centro educativo.

<https://agueiro.xunta.gal>



REDEIRAS é unha rede social de carácter profesional dirixida ao profesorado como un espazo de comunicación e colaboración promovendo así unha filosofía de coñecemento aberto.

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais/redeiras>



Consulta a páxina web de **Servizos Dixitais** para obter máis información das ferramentas postas a disposición da comunidade educativa.

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>



Lembremos que se deberán evitar as reunións e os eventos presenciais e procuraranse substituír por videochamadas.

E no caso de que se teña que acudir presencialmente ao centro educativo, non esqueceremos cumprir as correspondentes medidas de prevención, protección e hixiene.





Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA